

O Alcalde de Vigo

Sr. D. Luís López Diéguez
Presidente da Deputación de Pontevedra
Avenida Montero Ríos s/n
36071 Pontevedra

Vigo, 21 de setembro de 2023

Estimado presidente:

A través dos medios de comunicación, tivemos coñecemento da disposición da Deputación de manter o mesmo apoio económico que a cidade recibiu nos últimos oito anos. Desde o Concello consideramos este anuncio un grande avance ao que se suma a vontade manifestada publicamente de seguir a financiar a remodelación da nova grada de Gol, como se fixo coas bancadas de Marcador Centenario, Río e Tribuna Alta, sendo Carmela Silva presidenta do organismo provincial.

Nestes momentos, creo conveniente manter una reunión contigo como máximo responsable da institución provincial para intercambiar opinións sobre a cooperación entre Concello e Deputación. Nese encontro, ademais, terei a oportunidade de presentarche o proxecto construtivo da grada, encargado e financiado polo Concello. Estarei, por tanto, encantado de recibirte na Alcaldía para avanzar nunha obra de grande interese para Vigo, a remodelación do estadio de Balaídos que, como ben sabes, é propiedade municipal.

Quedo á túa disposición para fixar unha data que encaixe nas nosas respectivas axendas institucionais.

Un saúdo,



Abel Caballero
Alcalde de Vigo